

Public. 3056181

# O Gaiteiro de Lugo

## Calendario Gallego

Pro Ano Santo de 1943

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,  
patriótico, popular e barato

Ano 86 da fundación.

Propiedad rexistrada

Propietario, XERARDO CASTRO

Que ós que escoiten ó gaiteiro  
o ano lles poida cair  
curto nos días de choro,  
longo nas horas de rir.



Entradiñas de aninovo  
despedidas de ano vello,  
gaiteiro, toca a alborada  
que a gaita escorrenta o deño.

---

### VENTA DISTE CALENDARIO

- En Santiago, Casas Reales 26, Manuel Neira Torrado.
- Na Coruña, Soto, Otero e Fernández, San Andrés 24.
- En Vigo, Mariano Garcia, calle Garcia Barbón, 17.
- En Ourense, Manuel Garcia e fillos, Lamac Carbajal, 7.

Pedidos a o Editor XERARDO CASTRO, S. Pedro, 29-LUGO

## Festas e mercados da provincia de Lugo

---

*Concello de Abadín.* — Primeiro e terceiro sábado Gontán.

*Alfoz.* — 13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xulio Lagoa; o primeiro miércoles Mor.

*Antas de Ulla.* — O 10 e mercados todos os lunes

*Baleira.* — Quincenalmente alternando ca de Castroverde.

*Barreiros.* — Primeiro domingo e 1.º de Marzo e mercados os viernes en Souto; terceiro domingo San Xulián.

*Becerreá.* — O 18 e 19.

*Begonte.* — 1.º e 15 Pacios e si o 15 é domingo o 14.

*Carballedo.* — 17 e 29 Castro; 4 Bucifios.

*Castro de Rey.* — Cada quince días en domingo alternado ca de Meira; 8 e último sábado Riberas de Lea.

*Caurel.* — O segundo e cuarto domingo Seoane; 1.º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramullín.

*Cervantes.* — Cuarto domingo Donís; 28 Quindós; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas.

*Cervo.* — O primeiro domingo e o 16

*Torgo.* — 13 Aday; 23 Gomeán.

*Cospello.* — Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xueves Muimenta.

*Chantada.* — O 5 e 21 e mercados os martes, xueves e domingos; 2 Laxe.

*Castroverde.* — Cada 15 días; 12 Miranda.

*Fonsagrada.* — 20 de Xaneiro, 25 de Marzo, 25 de Abril, Ascensión, Corpus, 24 de Xunio, 2 de Xulio, 15 de Agosto, 8, 9, 10 e 21 de Septiembre e 8 de Noviembre e mercados os sábados.

*Foz.* — Mercados os martes; 10 e 24 Espiñeira.

*Friol.* — O 4 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey.

*Germade.* — 4 e 19 Momán; 13 Roupár.

*Guntín.* — 5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolos; 15 San Román.

*Incío.* — O 22.

*Xove.* — Rigueira e Xove, o cuarto domingo.

# O Gaiteiro de Lugo

## Calendario Gallego

pro Ano Santo de 1943

según as observacións feitas no Observatorio da  
ciudad de San Froilán, con arreglo  
ó meridiano de Santiago.

### ÚNICO QUE SE PUBRICA EN GALICIA

**Cómputo eclesiástico** — Aureo núm. 6 — Epacta  
XXIV. — Ciclo solar, 20 — Indición román, XI — Letra do-  
mínical, C. — Letra do martiroloxio, c.

**Velacións** — Péchanse o 10 de marzal e o 28 do  
mes das ánimas.

Abrense o 1 de xaneiro e o 26 de abril.

**Ecrises** — *De sol*. — Febreiro, do 4 ao 5, total invisibre  
na nosa terra. Agosto, día primeiro, anular, tampouco se  
verá en España — *De luz*. — Febreiro, 20, parcial, de 2 h.  
43 m. a 8 h. 32 m. — Agosto, 15, parcial, de 16 h. 58 m. a  
21 h. 53 m. Os dous visibres en España, polo menos  
en parte.

**Festas**. — Circuncisión, 1.º de xaneiro. Reises, 6. —  
Septuaxésima, 21 de febreiro. — Domingo de Antroido,  
7 de marzal. — 1.º de Coresma, 14 de marzal. — Domingo  
de Ramos, 18 de abril. — Pascua, 25 de abril. — As Pas-  
cuillas, 2 de mayo. — Ascensión do Señor, 3 do mes de  
San Xohan. — Pentecostés, o 13. — Trindade, o 20. — San-  
tísimo Corpus Christi, o 24. — Ofrenda do Reino de Ga-  
licia a Xesús Sacramentado, o 27. — Sagrado Corazón, 2  
do mes de Santiago. — Festa de Cristo Rey, 31 do Outo-  
no. — 1.ª Dominica de Advento, 28 de Santos.

**Témporas** — Primeiras, 17, 19 e 20 de marzal; se-  
gundas, 16, 18 e 19 de San Xohan — Terceiras, 15, 17 e  
18 de setembro. — Derradeiras, 15, 17 e 18 de Nadal.

**Rogacións** — Mayores, 27 de abril, menores, 31 de  
mayo, 1 e 2 de San Xohan.

## Aninovo de 1943

*Despedidas de ano vello,  
entradiñas de aninovo,  
os que escoitan ó Gaiteiro  
as conten con grande gozo.*

*Da despedida do ano,  
meniñas, non vos queixar;  
a herdanza vos deixa ricas  
que tedes un ano mais.*

*Da entradiña de aninovo,  
meus vellos, non vos fiés  
traivos unha perda certa:  
un ano menos teréis.*

*Que ós que escoiten 'ó gaiteiro  
o ano lles poida cair  
curto nos días de choro  
longo nas horas de rir.*

*E conten con grande gozo  
e ben todol-os seus días  
e que digan no remate:  
«Ano como él non se vira».*

*Entradiñas de aninovo  
despedidas de ano vello,  
gaiteiro, toca a alborada  
que a gaita escorrenta o deño.*

### Ano Santo

O 1943 é Ano Santo. Chámanse deste xeito os anos de gran Jubileo nas vilas Santas: en Roma, na nosa Compostela... As orixes deste Jubileo compostelán datan do tempo do Papa Calixto II. A concesión, non embargantes, é a da Bula «Regis Aeterni» de Alejandro III en 1181. Según ela os

fieles que visiten a Basílica de Santiago nos anos en que a festa principal do Apóstolo, 25 de xulio, caia en domingo, confesando e comulgando e feitas certas devocións, gañan indulxencia plenaria e obteñen absolución dos seus pecados, mesmo dos que soio pode perdoar o Papa. A mesma gracia foi concedida ós que visiten a Catedral nos días do Martirio e da Traslación do Apóstolo.

Os próximos anos santos serán o 1948 e máis 1954.

### Triadas a Rosalía de Castro

Ariños da miña terra,  
aires airiños d'Osuna  
volade pol-a alta serra;  
collede a fror os perfumes,  
collede a fala aos paxaros,  
collede agrestes queixumes;  
collede, todo eso, en suma,  
e envolto nos seus salayos  
levalo como unha pruma;  
levalo da Andalucía,  
como ofrenda do meu peito,  
á cova de Rosalía.

*Francisco Rodriguez Marín,*  
Presidente da Real Academia Española.

### Notas vellas

O tesouro que se achou en Caldas de Reis o ano derradeiro pesaba máis de trinta quilos de ouro en alfayas que teñen uns tres mil anos de vellas:

No ano 1943 celebrárase o XX centenario do martirio do Santo Apóstolo. En Compostela farán entón grandes festas.

Santo Domingo de Guzmán descendía, por parte da nai, dos Condes de Traba. Din que estivo en Galicia denantes de fundar a orde dos dominicos, que aquí se espallou protexida pol-os nobres galegos parentes do santo.

A primeira vila de Galicia que tivo «servicio de incendios» foi Ourense. En 1606 ordenou o Concello que cada cofradía mercase «una geringa grande que haga por lo menos dos azumbres» e que cando prendese fogo nunha casa acudisen con elas e mais con todol-os carpinteiros da vila cos seus machados.

Os escultores tiñan de antigo o costume de se representar nas gandes obras que facían. Así, o Santo dos Croques do Pórtico da Gloria é o Mestre Mateo, que o fixo, e inda no coro da Catedral de Lugo na segunda silla baixa da banda da epístola está, según din, representando Moure, no grupo dos cinco santos escultores románs, San Clodio e compañeiros mártires.

### F r o r n o v a

Luz da y-alba corría no ceo  
cantaban as aves  
y-espertando co sopro da brisa  
quediño falaban as follas dos arbres.  
Onda o río, tremando sinxela  
nas ondas do aire,  
unha fror despechou o capullo  
mais puro e mais limpo que as alas d'un anxel.

† *M. Lago González,*  
Arcebispo de Santiago.

## O vello escarmentado

Había nun pobo un velliño que tiña tres fillos e fixolle a millora ó mais vello e despois que estaba millorado o vello viase nelas; o herdeiro tratábase mal, sin se lembrar do ben de mellora, y-os outros dába-lle tamén garapaldos porque os non mellorara a eles. Púxose a vello a coidar e pareceulle que podía pór remate á pauliña.

Buscou nun amigo algúns cartos en ouro e pechándose no seu coarto púxoos sobre a mesa y-empezou a contar e facer embrullos con eles e ruído coma si fora nunha tesourería. Mais os fillos, como estaba encerrado, movéulles a curiosidá ver o que facía, y-o atopalo remexendo e contando no diñeiro escomenzaron a se arrepentir e a tratalo ben e a mirar quén podía atrapar o peto en vida do vello.

E cando morreu foron todos mirar o arcaz onde tiña o testamento e atoparon unha moca cun letreiro que decía:

«O que da o que ten antes de morrer merez que coa moca na frente lle den».

Acabaronse así as esperanzas d'aqueles malos fillos.

## Trabalingoas

Na ponte de Lugo hay un lobo rubio  
roendo nun lobo duro.

Roy, lobo rubio, roy nese lobo duro.

Teño unha saya tallada,  
gilrada e bilrada, repicatallada;  
quen ma tallou, gilrou, bilrou, repicatallou  
non ma soupo tallar, gilrar, bilrar, repicatallar;  
teño que chamar ó tallador, gilrador, bilrador  
e que ma repicatalle millor.



## XANEIRO 31 DIAS

### ADICADO AO NENO XESÚS

- 1 Vier. † *A Circuncisión do Señor.* — ss. Fulxencio, Xustina, Martiña i Eufrosiana. — *Abrense as oracións* — I. P.
- 2 Sáb. ss. Macario, Isidoro, Narciso e o Beato Pedro abade (G).

### PERIHELIO

- 3 Dom. O Santísimo Nome de Xesús. — ss. Genoveva e Daniel.
- 4 Lun. s. Aquilino, Tito e Benedicta.
- 5 Mar. ss. Anastasio e Teodoro bispos (G), Tesoforo, Eduardo, Apolinar i Emiliana.
- 6 Miér. † *Epifania. A Adoración dos Santos Reis,* Melchor, Gaspar e Baltasar e S. Meliano. — I. P.

*Nova en Capricornio as 12:36 da mañán*

● Cede o nordés. As borrascas van amainando. Seprado N. un vento ventíño. Días claros. Pouca neve nos montes. Presentase un xareiro xiadeiro.

- Juev. ss. Xulián patrón do Ferrol e Fiz.
- 8 Vier. ss. Maximino, Luciano e Gúduia.
- 9 Sáb. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marciana.
- 10 Dom. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xohan.
- 1 Lun. ss. Teodosio, Hixinio, Salvo e Anastasio.
- 12 Mar. ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto.
- 13 Miér. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica.

*Crecente en Aries as 7:48 da mañán*

● Inda pode colleirse unha raxeiriña de sol. con xiadas onde non hai temporal e chuvias.


- 14 Juev. ss. Hilario i o beato Bernardo de Corleón.
- 15 Vier. ss. Pablo, Mauro e Benito.
- 16 Sáb. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honora e
- 17 Dom. ss. Antonio abade, Rosalina e Leonia.
- 18 Lun. A Cátedra de S. Pedro en Roma, e Santa Margarita.
- 19 Mar. ss. Sara, Marta, Canuto e Mario.



20 Miér. ss. Fabián, Sebastián e Felisz.

*Sol en Acuario as 10'25 da noite*

21 Juev. ss. Inés, Froitoso e Plubio.

 *Chea en Cáncer as 10'48 da mañán*

Días crariños de sol. Moita fíaxe. Revolveráse o tempo si o vento mareiro chega a poder.

22 Vier. ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Oudencio

23 Sab. ss. Adefonso e Raimundo.

24 Dom. N.ª S.ª da Paz e ss Timoteo e Feliciano.


25 Lun. ss. Ansurio, Bimarasio, Gonzalo Osorio, Froalengó, Serdendo, Viliulfo, Pelayo Alfonso e Pedro bispos (G), A Conversión de S. Pablo e Sta. Elvira.

26 Mar. Stos Froila (G), Policarpo, Teógenes e Paula.

27 Miér. ss. Olalla, Anxela, e Xohan Crisóstomo.

28 Juev. ss. Xulián, Cirilo, Tirso e Inés.

29 Vier. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa

 *Mingoante en Escorpio as 8'13 da mañán*

Veñen chuvias mansas a dispaio. Derrete axiña a neve dos outos. O tempo aproveita á avenza: xaneiro mollado malo pra o pan, e bó pro gado.

30 Sáb. ss. Hipólito e Fiz.

31 Dom. ss. Pedro Nolasco, Xullo e Marcela.

NOTA.—I. P., Indulgencia Plenaria; I. B., Indulgencia Parcial; (G) Santos Galegos.

~~~~~

## Epigrama

Xan o de Perdecanaí  
que cento e dous anos tiña  
dicia con triste ¡ay!  
«¡Dádeme unha limosniña  
que non teño pai nin nai!»

*José Pérez Ballesteros'*

## FEBREIRO 28 DIAS

### ADICADO A CANDELARIA

- 1 Lun. ss. Ignacio, Severo, Pablo e Bríxida.  
Mar. A Candelaria e Sta. Feliciana.
- 3 Miér. ss. Blas, Fiz e o Beato Nicolás.
- 4 Juev. ss. Andrés, Leonisa e Gilberto.

*Nona en seuorio es 11<sup>29</sup> da noite*

☉ O vento anda coma un sarillo, sia querer ap'usentar. Auga, ventania, humidade. A lúa, orde non entrou ben, quer enmienda. A'gunhas neves.

- 5 Vier. ss. Francisco Blanco, mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino.
- 6 Sáb. ss. Teófilo, Saturnino e Dorothea.
- 7 Dom. ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.
- 8 Lun. ss. Xohan de Mata, Ciriaco, Paulo e Dionisia.
- 9 Mar. ss. Donato e Apolonia.
- 10 Miér. ss. Escolástica, Sotera e Xacinto.
- 11 Juev. ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.
- 12 Vier. ss. Euxenio, Damián e Olalla.

*Crecente en Tauro as 12<sup>40</sup> da noite*

☉ Anque a chuva non nos deixe o tempo somel a por mellor cara. Vento da ferra algúns días: febreiro corzo.


- 13 Sáb. ss. Estebo abade (G), Benigno, Marceio, Lucina e Catana.
- 14 Dom. ss. Valentín e o beato Xohan Bautista.
- 15 Lun. ss. Severo, Casto, Lucio e Decoroso.
- 16 Mar. ss. Ellas, Isalas, Xeremias, Xulián e Faustino.
- 17 Miér. ss. Xulián de Cadocía e Alex.
- 18 Juev. ss. Teotonio (G), Simeón, Codio l Eladio.
- 19 Vier. ss. Gabino, Arvaro e Conrado.

*Sol en Piscis as 12<sup>48</sup> da tarde*

- 20 Sáb. ss. León, Eleuterio e Nemesio.

*Chea en Leo as 5<sup>45</sup> da mañón*

☉ Anque hegven días de sel, é de febreiro, e non pode un fiar nél. A chuva non ha querer deixarnos. Algún trebón.

- 21 Dom. de *Septuagésima*.—ss. Máximo, Fiz e Ovidio.—*Anima*.—I. P.
- 22 Lun. A Cátedra de S. Pedro en Antiqua e ss Pascao e Tecla.
- 23 Mar. ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida e Florencio.
- 24 Miér. ss. Matías, Modesto, Sergio e Primitiva.
- 25 Juev. ss. Valerio monxe (G), beato Sebastián de Aparicio (G), Cesáreo, Valero e Donato.
- 26 Vier. ss. Alexandro, Fortunato e Vitor.—I. P.
- 27 Sáb. ss. Baldómero e Leandro.
-  *Migante en Sagitario as 6 22 da serán*  
Augas, a librarse o ceo, que axiña derreten a neve febreiriña. Ventos do mar.
- 28 Dom. de *Sexagesima*.—ss. Basilio e Procopio.—I. P.



Pensamento d'home vello  
pra unha nena pouco val,  
é cal imaxe d'espello  
sen azogue no cristal.

*A. Martínez Salazar.*

### Adiviñas

Alta, alta e redonda como un prato.

*A Iña.*

Moitas damas nun curral y  
todas pingan un igual.

*As galeiras.*

Alto estou,  
color de ouro teño  
por unha risada  
perdín meu empeño.

*O ourizo e mais a castaña.*

## MARZAL 31 DIAS

### ADICADO A SAN XOSÉ

- 1 Lun. S. Rosendo bispo, S. Manilan abade (G) e O Sto. Anxel da Guarda.
- 2 Mar. ss. Simplicio, Pablo e Lucio.
- 3 Miér. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiano.
- 4 Juev. ss. Casimiro, Cayo e Lucio
- 5 Vier. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Sra. de Africa.
- 6 Sáb. ss. Victoriano, Victor e Cirilo.

*Nova en Piscis as 10'34 da mañán*

☾ A lúa entra con chuvias. Onde non hai chuva hai brétema. Onde non hai brétema hai orballo. Borrascas seguidas.

- 7 Dom. de *Quincuaxésima (Antroido)*.—ss. Tomás de Aquino e Felicitas.—I. P.

*Festividade dos estudantes.*

- 8 Lun. ss. Xohan de Dios e Fiz.
- 9 Mar. de *Antroido*—ss. Francisca e Catalina.
- 10 Miér. de *Ceniza*.—ss. Crescencio, Alexandro e Melitón.—*Aíno sin abstinencia.*—*Féchanse as velações.* I. P.
- 11 Juev. ss. Euloxio, Constantino e Fermín.—I. P.
- 12 Vier. ss. Gregório e Ntra Sra. da Misericordia.—*Aíno e abstinencia.*—I. P.
- 13 Sáb. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia.—*Aíno sin abstinencia.*—I. P.

*Crecente en Géminis as 7'30 da sirañ*

☽ Os ventos do mar siguen traendo turboadas. Saravia. Nos outos quer mellorar.

- 14 Dom. I de *Coresma*.—ss. Florentina e Matilde.—I. P.
- 15 Lun. ss. Anxel Tutelar de Galicia, Longines, Raimundo e Melitón.—I. P.
- 16 Mar. ss. Xulián, Ciriaco e Agapito.—*Anima*—I. P.
- 17 Miér. ss. Xosé de Arimatea e Patricio.—*Têmpora.*—*Aíno sin abstinencia.*—I. P.
- 18 Juev. ss. Cirilo, Gabriel, Salvador e Braulio.—I. P.

- 19 Vier. † San Xosé esposo da Sma. Virxeen —I. P.—*Témpora.*—*Año e abs.*—I. P.  
 20 Sáb. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio.—*Témpora.*—*Año.*—I. P.  
 21 Dom. 11 de Coresma —ss. Benito e Filemón.—I. P.  
*Sol en Aries as 12'3 da serán*

### PRIMAWEIRA

*Chea en Virgo as dez da noite*

Tempo revoltó. Nuns lugares quer aquecer, ca boanza que traí un vertiño do N., mais pouco dura. En outros, tornamos axiña as chuvias A tempia, con todo, é doce.

- 22 Lun. ss. Deogracias, Plubic e Basilio.—I. P.  
 23 Mar. ss. Victoriano, Fidel e Toribio.—I. P.  
 24 Miér. ss. Simeón e Agapito.—*Año.*—I. P.  
 25 Juev. A Anunciación da N. Sra. i-Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.—I. P.  
 26 Vier. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.—*Año con abstinencia.*—I. P.  
 27 Sáb. ss. Ruperto, Lidia e Alexandro.—*Anima*—I. P.  
 28 Dom III de Coresma.—ss. Castor, Doroteo e Sixto.—*Anima.* I. P.  
 29 Lun. ss. Pastor, Xonás i-Eustasio—I. P.

*Mingoante en Capricornio a 1'52 da noite*

Revirouse xa o tempo de todo. Os nubrados non queren deixar saír o sol, que xa pon cara de primaveira, aunque non lla vexamos moito.

- 30 Mar. ss. Xohan Climaco, Víctor e Régulo.—I. P.  
 31 Miér. ss. Amadeo e Amós.—*Año sin abstinencia*—I. P.

### Refráns de Marzo

Marzo, iguarzo.

Entre marzo e abril si non ven o cuco quer vir a fin.

Marzo, marzola, turbón e rayola.

En marzo, nen rabo de gato mollado.

## ABRIL 30 DIAS

### ADICADO AOS DOORES DA VIRXE

- 1 Juev. ss. Venancio, Macario e Teodora.— *Festa nacional.*—I. P.
- 2 Vier. ss. Francisco de Paula e Abundio.— *Año e abs.*—I. P.
- 3 Sáb. ss. Engracia virxe mártir (G), Benito, Ricardo, Benigno e Ulpiano.— *Año.* I. P.
- 4 Dom. *de Coresma.*—ss. Isidoro, Víctor e Zósimo.— *Anima.*—I. P.

*Nova en Aries as 9<sup>h</sup>53 da noite*

Entra con chuvias e non deixa de traer xiadas en algúns lados. Temos treboadas que fan mágoa nos campos e nas xentes.

- 5 Lun. Bto. Xohan de Viveiro (G.), ss. Vicente Ferrer, Emilia e Irene.— I. P.
- 6 Mar. ss. Celso, Celestino e Marcelino.— I. P.
- 7 Miér. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.— *Año.*—I. P.
- 8 Juev. ss. Perpetuo, Alberto, Máxima e Xenaro.— I. P.
- 9 Vier. ss. Maria Cleofé, Casilda e Prócoro.— *Año e abstinencia.*— I. P.
- 10 Sáb. ss. Urbano abade (G), Ecequiel e Daniel.— *Año sin abstinencia.*—I. P.
- 11 Dom. *de Pasión ou de Lázaro.*—ss. León, Antipas e Isaac.—I. P.
- 12 Lun. ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón.— I. P.

*Crecente en Cárcer as 3<sup>h</sup>4 da tarde*

Cederá o frío das mañáns, si o vento do Nordés pode ca xiada e molla os agros. Pouco luce o sol abrideiro.

- 13 Miér. ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo.— I. P.
- 14 Miér. ss. Pedro González Telmo ab. dos marifeiros (G), e Tiburcio e Valeriano.— *Año.*—I. P.
- 15 Juev. ss. Anastasia, Basilisa, Victorina e Elena.— I. P.
- 16 Vier. *de Dolores.* ss. Toribio bispo de Astorga, Froioso de Braga bispo e fundador (G) Engracia e Cayo.— *Anima.*— *Año con abstinencia.*—I. P.

- 17 Sáb. ss. Aniceto, María Ana i-Elena.— *Anima*.— *Año sin obstinencia*.— I. P.  
 18 Dom. de Ramos -ss. Eleuterio, Andrés e Toribio.— I. P.  
 19 Lun. ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.— I. P.— *Festa nacional*.  
 20 Mar. ss. Bto. Alfonso de Ourense (G), Inés de Monte Pulciano, Marcelino e Víctor.— I. P.

*Sol en Tauro as doce da noite*

*Chea en Escorpio as 11'11 da mañán*

Brétemas e xiadas en moitos lugares de Galicia. O solciño aquece ós velos. As choviſcas mainas, que van e veñen aante as xiadas, non gorentan a ninguén, pois anque son de abril nin enchén o carro nin o carril.

- 21 Miér. ss. Anselmo, Apolojio e Alexandra.— *Año sin abst*.— I. P.  
 22 Juev. *Santo*.— ss. Serónima virxe (G), Sotera e Augustias.— I. P.  
 23 Vier. *santo*.— ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente.— *Año e abst*.— I. P.  
 24 Sáb. *Santo ou de Gloria*— ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.— *Año sin abs*.— I. P.  
 25 Dom. de Pascua de Resurrección.— ss. Marcos, Aniano i-Estebo.— I. P.  
 26 Lun. ss. Pedro de Rates e Miguel González (G), Cleto, Marcelino e N. Sra. da Saleta.— *Abrense as relacións*.— I. P.  
 27 Mar. ss. Anastasio, Toribio e Pedro.— *Rog. maiores*.— I. P.

*Mingoante en Acuario as 7'51 da mañán*

Alá van brétemas e xiadas e xa temos eiqui as mil angas do mes. Baixan moite as nubes pra deixármelos ver unha rayoliña tan siquera. As treboadas lixeiras.

- 28 Miér. ss. Estebo, Prudencio, Patricio e Vidal.— *Anima*.— I. P.  
 29 Juev. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo.— I. P.  
 30 Vier. ss. Amador, Soffa, Lourenzo e Catalina.— I. P.

## Adiviña

Longa das polas e curta do pé.

*A cardeira.*



## MAYO 31 DIAS

### MES DAS FRORES

- 1 Sáb. ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio. I. P.
- 2 Dom. in Albis (as Pascuillas) — ss. Anastasio e Fiz.  
*Festa Nacional. I. P.*
- 3 Lun. A Invención da Santa Cruz e S. Aleixandro.
- 4 Mar. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.  
*Nov. en Tauró as 9:43 da mañán*
- 5 Non é moita, iu moi segura a melloría con que a lúa vai entrar, aínda así agrádecese. Castrelos no ceo que se desfarán en chuvia onde o tempo teña menos seguranza.
- 5 Miér. ss. Pío, Máximo, Eulogio e Agustiño.
- 6 Juev. ss. Xohan Ante-Portam-Latinam patrón dos impresores, Benita e Nosa Sra. da Cabeza.
- 7 Vier. ss. Augusto, Agustiño, Domitila e Benedicto.
- 8 Sáb. Nosa Señora dos Desamparados e S. Eladio.
- 9 Dom. Nosa Sra. a Divina Pastora e ss. Gregorio Nacianceno e Lucas.
- 10 Lun. ss. Antonino e o beato Xob.
- 11 Mar. ss. Domingo eremita (G), Flórencio e Anastasio.
- 12 Miér. Solemnidad de S. Xoxé e ss. Domingo da Calzada i-Epifanio.  
*Crecente en Leo as 9:52 da mañán*
- 13 Treboadas de primaveira con saravia. Ventanías que foxen presto.
- 13 Juev. Nosa Sra. dos Mártires e S. Pedro Regalada.
- 14 Vier. ss. Bonifacio, Pascual, Xusta e Xustina.
- 15 Sáb. ss. Isidro labrador, Torcuato e Simplicio.
- 16 Dom. ss. Xohan Nepomuceno, Honorato e Ubaldo.
- 17 Lun. ss. Pascual Bailón e Bruno.
- 18 Mar. ss. Félix Cantalicio e Dióscoro.
- 19 Miér. ss. Pedro-Celestino, Ciriaca e Prudencia.  
*Chea en Escorpio as 9:13 da noite*
- 20 Bó tempo de mes das froles. Ceo limpio. Nubes leviáns. Certas xiadiñas de mañán amolincran as leiras.
- 20 Juev. ss. Bernardino de Sena e Anastasio.

- 21 Vier. ss. Victorio, María do Socorro e Secundino,  
*Sol en Géminis as 11'34 da noite*
- 22 Sáb. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino.
- 23 Dom. ss. Desiderio, Basilio e Miguel.
- 24 Lun. ss. Torcuato (G), Susana e Robustiana.
- 25 Mar. ss. Genadio bispo (G), Gregorio, Luciano e  
 Dionisio.
- 26 Miér. ss. Felipe Neri e Zacarías.
- Minguante en Piscis a 1'33 da mañán*
- 27 Ventos froxos do S. amargan a boanza. Nubes baixas  
 teimosas, que non queren deixarnos. Chuvias espalladas.
- 27 Juev. ss. Xohan, Restituta, Xulio i Eutropio.
- 28 Vier. ss. Viliulfo, bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio,  
 Luciano, Xermán i Emilio.
- 29 Sáb. ss. Teodosia e Maximino.
- 30 Dom. ss. Donadeo, Máximo e Bonelo, moñxes do  
 Bierzo, Sta Egeria (G), Fernando Rey de Es-  
 paña e Basilio.
- 31 Lun. ss. Crescencio, Petronila e Pascasio.— *Roga-  
 cións.*—I. P.

### Amor apresurado

Miráchesme, miréiche, nos miramos,  
 sonrricheste, sorrínme, os dous sorrímos;  
 nos nosos ollos nosa imaxen vimos,  
 ti nos meus, eu nos teus nos retratamos.

Dende entónces d' amor nos abrazamos,  
 un mesmo gusto ou pena os dous sentimos,  
 e, anque a paraxes diferentes imos,  
 de cote no camiño tropezamos.

Xa que do corazón libres dipomos,  
 aos paxaros dos bosques imitemos,  
 nosa doce ventura apresuremos,  
 que o niño fan entre ramaxe e gromos.\*  
 Que a vida é curta e responsables somos  
 do tempo tan precioso que perdemos.

*Francisco Añón.*

# XUNIO 30 DIAS

## MES DE SAN XOHÁN

- 1 Mar. Beatos Pedro Vázquez e Antonio de San Boaventura mártires (G.), Nosa Sra. da Luz e Santos Inigo e Fortunato.—*Rogacións.*—I. P.
- 2 Miér. ss. Marcelino, Pedro e Nicolás Peregrino.—*Rogacións.*—I. P.

*Nova en Géminis as 10:33 da noite*

● A lúa de San Xohan entra con días revoltos de chuva e ventos. Parez que imos ter un mes mollado.

- 3 Juev. † *A Ascensión do Señor.*—ss. Paula, Clotildé, Isaa: e Ovidio.—I. P.


### AFELIO

- 4 Vier. ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico.
- 5 Sáb. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho.
- 6 Dom. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto Felipe, Amancio e Paulina.
- 7 Lun. O Trunfo de San Pablo e S. Roberto.
- 8 Mar. ss. Medardo, Salustiano e Maximiano.
- 9 Miér. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.
- 10 Juev. ss. Restituto, Ciriaco e Márgarida.
- 11 Vier. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira.

*Crecente en Virgo as 2:35 da noite*

● Escomenzan a sentirse calo es que forman treboadas leviáns. De remate destemperanza e unhas pingotas de chuva.

- 12 Sáb. ss. Xohan de Sahagún, Nazario e Onofre.—*Aiuno e abstinencia.*—I. P.
- 13 Dom *Pascua de Pentecostés ou do Espírito Santo.*—ss. Antonio de Padua e Luciano.—I. P.
- 14 Lun. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.—I. P.
- 15 Mar. ss. Modesto, Crescencia, e Benilde.—I. P.
- 16 Miér. ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico.—*Têmpora.* I. P.
- 17 Juev. ss. Manuel, Ismael e Pablo.—*Anima*—I. P.
- 18 Vier. ss. Marco, Marceliano e Paula.—*Têmpora.*—*Abs tinencia.*—I. P.

 Chea en Sagitario as 5'14 da mañán  
Bó tempo, doce e sereco. Algúns danos das tormentas  
ca reguiña de San Xohan que non fai ben a ninguén.

19 Sáb. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio e Ursiano.—  
*Tempora. — Anima. — I. P.*

20 Dom. A Santísima Trindade e ss. Silverio, Florentina  
e Macario.

21 Lun. ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria


22 Mar. ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas.

*Sol en Cáncer as 7'13 da mañán*

V R A U

23 Miér. ss. Zenón, Fiz e Agripina.

24 Juev. † *Sanctissimum Corpus Christi* — A Natividade  
de S. Xohan Bautista e ss. Xohan Treson (G), e  
Fausto.

 *Mingante en Piscis as 8'8 da tarde*

Siguen as chavias a Uos dar. Logo un vento da terra  
escorrenta as nubes. Días cráros. A mera dan u pouco  
o pan.

25 Vier. ss. Orosia, Guillermo, Próspera e Lucía.

26 Sáb. ss. Paio de Tuv mártir, Hermoigio bispo (G),  
Xohan, Pablo e Virginio.

27 Dom. Nosa Sra. do Perpétuo Socorro e San  
Zoilo — *Ofrenda do Reino de Galicia o Smo. Sa-  
cramento en Lugo.*

28 Lun. ss. León, Argimiro, Paulo e Benigno.

29 Mar. † *San Pedro e San Pablo* e ss. Marceio e Siro.

30 Miér. A Conmemoración de Sant-Iago Apóstol e Lan-  
ta Emilia.

=====

### Adiviña

Marzo espigarzo,  
Abril, penduril,  
Mayo granado,  
San Xoan curado,  
en Santa Mariña  
metido na arquiña.

O pan.

## XULIO 31 DIAS

### MES DE SANT-IAGO

- 1 Juev. S. Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso. Sr. Xesucristo, ss. Casto, Martín, Leonor e Galo.
- 2 Vier. O Sagrado Corazón de Xesús, A Visitación de Nosa. Sra. e S. Longines.

*Nova en Cáncer as 12'44 da mañán*

A lúa de Santiago non move o tempo. Apertaría de rexo o calor si a ventanía non trouxese borrascas de pasada.

- 3 Sáb. O Purísimo Corazón de María e ss. Trifón, Xacinto, Heliodóro i-Eulogio.
- 4 Dom. ss. Laureano, Flaviano e Teodoro.
- 5 Lun. ss. Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.
- 6 Mar. ss. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo.
- 7 Miér. ss. Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis.
- 8 Juev. ss. Isabel, Agapito e Procopio.
- 9 Vier. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón.
- 10 Sáb. Bto. Xohan Xacobo Fernandes mártir (G), e ss. Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina.

*Crecente en Libra as 4'28 da tarde*

Vento do N. Ceo craro. Moito calor nas ribeiras. En troques nos outos aprefa pouco o vran.

- 11 Dom. ss. Dictinio bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino
- 12 Lun. ss. Xohan Gualberto, Félix e Marciana.
- 13 Mar. ss. Anacleto, Uxio, Xoel i-Esdras.
- 14 Miér. ss. Estebo abade (G.), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino.
- 15 Juev. ss. Enrique, Camilo e Antioco.
- 16 Vier. Nosa Señora do Carmen e S. Fausto.
- 17 Sáb. ss. Alexo, Marcelina, León, Xacinto e Xenerosa. *Festa Nacional.*

*Chea en Capricornio as 12'21 da noite*

Bó tempo seguro. Calor e sequia. Días calmos. Nubes e ventíños fresqueiros, de remate, que anuncian o cambio do tempo.

- 18 Dom. ss. Mariña de Augasantas Virxe e mártir (G),  
Sinfarosa, Emiliano e Federico. *Festa Nacional*.
- 19 Lun. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.
- 20 Mar. ss. Elix, Librada, Xerome, Emiliana e Seveta.
- 21 Miér. ss. Práxedes, Feliciano e Xusta.
- 22 Juev. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo.
- 23 Vier. ss. Apolinar, Brixida, Bernardo e Liborio  
*Sol en Leo as 6 e 30 minutos da tarde*

### CANÍCULA

- 24 Sáb. ss. Cristina, Francisco Solano e Victor.  
*Mingoante en Aries as 4:38 da mañán*
- ☉ O mingante trae, ben acugulado, o canadiño do  
Apostolo Ezebofe que as leiras agradecen este bautismo  
que lles chega ben a punto anque dure pouco.
- 25 Dom. † O APÓSTOLO SANT-IAGO O MAIOR PADROEIRO  
DA PATRIA.—ss. Cristóbal e Cucufate.
- 26 Lun. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudela.
- 27 Mar. ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana.
- 28 Miér. ss. Victor, Nazario, Celso e Eladio.
- 29 Juev. ss. Marta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero.
- 30 Vier. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Carmona.
- 31 Sáb. ss. Ignacio de Loyola e Pablo.

### O Noso Sant-Iago

O noso Sant-Iago  
Apóstol de Deos,  
Fillo do trebón  
e do Cibadeo  
que é sol e que é lúa  
e luz e lostregos  
para os españoles  
mais para os galegos,  
o noso Patrón,  
Santiño ben feito  
da barba dourada,  
que está no seu eido  
sentado e vestido  
cal fora romeiro,

con sua escravina  
e co seu chapeo  
que ten muitas cunchas  
só do mar do Reino,  
cunchiñas vieiras  
abondo e a dereixo.  
Na man, o bordón  
ben posto e dereito  
cunha rabaciña  
que val muito prezo,  
con a Compostela  
no seu lado esquerdo  
en que están fechados  
os catro evangelios.

*Fr. Martín Sarmiento*  
(«Coplas» 1746)

## AGOSTO 31 DIAS

### MES DE SANTA MARÍA

- 1 Dom. ss. Pedro Advincula, Fiz e Nemesio. — *Xubileo da Porciúncula.*

*Nova as 4<sup>h</sup>6 da noite*

☉ Días de moita temperanza. Os labradores non poderían queixarse do caris que pon o tempo nesta lúa, si fose duradeiro

- 2 Lun. ss. Alfredo, Máximo e Nosa, Sra. dos Ánxos.  
 3 Mar. A Invención de S. Estebo e S. Eufonio.  
 4 Mier. ss. Domíngo de Guzmán, Perpetua i-Eutelo.  
 5 Juev. Nosa Sra. das Neves e S. Emigdio.  
 6 Vier. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.  
 7 Sáb. ss. Cayetano, Alberto, Donato e Sicilia.  
 8 Dom. Bto. Roxerio de Meira (G), ss. Ciriaco, Emiliano e Marino.  
 9 Lun. Bta Urraca Sarmento abadesa (G), ss. Román, Marciano e Cleto.

*Crescente en Escorpio as 3<sup>h</sup>33 da noite*

☾ Un ventíño lixeiro que ven mellerar os días da sega. Urhas treboadiñas eiquí e acolá que non melloran nada.

- 10 Mar. ss. Lórenzo ab. contra os incendios e Paula.  
 11 Miér. ss. Tiburcio, Filomena e Susana.  
 12 Juev. ss. Eusebio, Hilaria e Felicísima.  
 13 Vier. ss. Casiano, Hipólita, Aurora i-Elena.  
 14 Sáb. ss. Nuño Alvarez coengo, (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio. — *Vixilia da Asunción.* — *Año e abstinencia.*  
 15 Dom. † *A Asunción, N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> de Todo o Mundo, N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> dos Ollos Grandes, P. de Lugo, S. Payo, bispo (G).*

*Chea en Acuario as 7<sup>h</sup>34 da tarde*

☉ Días quentes. Algo de faxe as noites. Os ventos do Nordés non revolven o tempo.

- 16 Lun. ss. Roque, Xacinto e Xaquín pai de N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup>  
 17 Mar. Sarta Godina abadesa, i-Eufemia Virxe e mártir (G.), e ss. Paulo, Xuliana, Librada e Anastasio.



- 18 Miér. ss. Leonardo, Clara i-Elena.  
 19 Juev. ss. Mariano, Luis e Maxin.  
 20 Vier. ss. Bernardo, Samuel e Severo.  
 21 Sáb. ss. Fidel, Ciriaca e Francisca de Fremiot.  
 22 Dom. ss. Fabriciano e Timoteo.

*Mingoante en Taurus a 1<sup>a</sup> da tarde*

Derde a treboada de Nosa Señora mollóuse o tempo.  
 Borrascas leviáns que traen os ventos mainos do S.

- 23 Lun. ss. Felipe, Benicio e Valeriano.  
 24 Mar. ss. Bartolomé i-Aurea.

*Sol en Virgo a 1<sup>a</sup>15 da noite*

- 25 Miér. ss. Luis, Xenxo e Patricia.  
 26 Juev. ss. Ceferino, Segundo e Vitores.  
 27 Vier. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.  
 28 Sáb. ss. Agustín, Bibiano, Paio e Mcisés.  
 29 Dom. A Degollación de S. Xohan Bautista.  
 30 Lun. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i-Emeterio.

*Nova en Leo as 7<sup>a</sup>59 da tarde*

Non entra seca a lúa en xeral Os ventos do S. viran as pequenas chuvias.

- 31 Mar. ss. Osorio Gutiérrez o Conde Santo de Lourenzana (G), Ramón Nonnato e N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> do Bó Viaxe.

### Refráns de Agosto

En Agosto, as castañas arder y-en Setembro beber.

En Agosto está a y-auga tras do toxo.

En Agosto secan os montes y-en Setembro as fontes.

Agosto e vendima non son cada día.

Si qués ter bó lombo ceba o porco dende Agosto.

O que queira bó entrecosto, cebe en Agosto.

## SEPTEMBRO 30 DIAS

### ADICADO A SAN MIGUEL

- 1 Miér. ss. XII de Casayo abade (G) e Lupo.
- 2 Juev. ss. Antollín, Estebo e Máxima.
- 3 Vier. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia.

#### *Sale a CANICULA*

- 4 Sáb. San Adrián eremita (G), Nosa S.<sup>a</sup> da Consolación e ss. Cándida e Rosa.
- 5 Dom. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia.
- 6 Lun. ss. Euteio, Uxío e Petronio.
- 7 Mar. ss. Vicencio abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa S.<sup>a</sup> dos Reises.

#### *Crecente en Sagitario as 12:33 da noite*

☉ O solcño de San Miguel espárese as nubes baixas destes días. Borrascas altas.

- 8 Miér. A Natividade de Nosa Señora.
- 9 Juev. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio.
- 10 Vier. ss. Pedro de Mezonzo bispo, autor da Salve (G) Nicolás de Tolentino e Pulqueria.
- 11 Sáb. Nosa Sra. das Viñas y ss. Proto e Xacinto.
- 12 Dom. O Santísimo Nome de María e S. Leoncio.
- 13 Lun. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Eulogio e Maudillo.
- 14 Mar. A Exaltación da Sta. Cruz e S. Victor.— *Día da Escola Cristiana.*

#### *Chea en Piscis as 3:40 da noite*

☽ Bó tempo fixo. As cagoxas terán o seu canado que lles trai o vento mareiro.

- 15 Miér. Os Dolores Gloriosos de Nosa Sra. e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio.— *Témporas.* —I. P.
- 16 Juev. ss. Cipriano i Eufemia.
- 17 Vier. As Chagas de S. Francisco e S. Pedro Arbués.— *Témporas.* *Abstinencia.* I. P.
- 18 Sáb. ss. Tomás de Villanueva e Sofía.— *Témporas.* —I. P.
- 19 Dom. A Aparición da Virxen da Saleta.

20 Lun. ss. Eustaquio, Agapito e Cándida.

21 Mar. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo.

*Mingoante en Géminis as 7'6 da mañán*

Agora revírouse ben o tempo. Temos xa eiqui a humedade e certas chuvias, que alguén inda as pedía.

22 Miér. ss. Mauricio, Lourenzo e Xoiás.

23 Juev. ss. Lino, Fausto e Tecla.

*Sol en Libra as 10'12 da noite*

### OUTONO

24 Vier. Nosa S.<sup>a</sup> das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.

25 Sáb. ss. Lope, María de Cervellón e Fermín.

26 Dom. ss. Amancio, Cipriano e Xustina.

27 Lun. ss. Cosme e Damián.

28 Mar. Os Santos Bispos de Iria (G), e ss. Wenceslao e Máximo.

29 Miér. San Miguel Arcánxel.

*Nova en Libra as 11'29 da noite*

Poida que quede bon tempo pras vendimas. Ventos do N traen días fresquiños e sereos, pouco mollados.

30 Juev. ss. Gregorio, Xerome, Sofía, e Sta. Teresiña do Neno Xesús.

\*\*\*\*\*

## Dous amores

Dous amores a vida  
gardarme fan:

a Patria y-o que adoro

no meu fogar,

a familia y-a terra

donde nacín...

¡sin eses dous amores

non sei vivir!

Cando xa no meu peito

non sinta amor;

cando da miña terra

non vexa o sol...

ven, morte, ven axiña

cabo de min,

¡Que sin amor nin Patria

non sei vivir!

*Salvador Golpe.*

## OUTONO 31 DIAS

### ADICADO AO SANTO ANXEL

- 1 Vier. S. Gervasio (G.), O Sto. Anxel Custodio, e San Remixio.—*Día do Casullo.*
- 2 Sáb. Os Anxos da Guarda, Saturio e Eutelo.
- 3 Dom. Bto. Vela eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido e Xerardo.
- 4 Lun. ss. Francisco de Ásis, Cayo e Aurea.
- 5 Mar. ss. Froilán bispo patrón de Lugo (G), e Plácida.
- 6 Miér. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.

*Crecente en Capricornio a 8:10 da tarde*

Os ballos fresquiños. Brétemas. Algunhas chuvias baixas. Se te demoras a traballar, pouco has de enceletrar.

- 7 Juev. Nosa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marco.
- 8 Vier. ss. Demetrio, Paio e Nestor.
- 9 Sáb. Nosa Sra. da Cinta e S. Dionisio.
- 10 Dom. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino.
- 11 Lun. ss. Nicasio, Xermán e Fermín.
- 12 Mar. Nosa Sra. do Pilar e do Remedio.—*Feste oficial da Raza.*
- 13 Miér. ss. Pedro bispo (G), Eduardob, Marcial e Vancancio. A Aparición da Virxe de Fátima.

*Chea en Aries a 1:23 da tarde*

Tempo amorosíño de outono. Dias sercos. Somella que estamos no vran. Noites moi fiñas.

- 14 Juev. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.
- 15 Vier. ss. Teresa de Xesús e Bernardo.
- 16 Sáb. ss. Florentino e Ambrosio.
- 17 Dom. ss. Eduvigis, Mariano, Mamerto e Victor.
- 18 Lun. ss. Lucas, Xulián e Trifona.
- 19 Mar. ss. Pedro de Alcántara e Rosina.
- 20 Miér. ss. Caprasio, Xohan Cancio e Irene.
- 21 Juev. ss. Hilarión, Asterio e Arturo.

*Minguante en Cáncer a 1:42 da madrugada*

Imos pro inverno. Dias revoltos con tronido e auga. Se non ven a tempo o cordón de San Francisco vains bater agora.

- 22 Vier. ss. María Salomé e Córdula.  
 23 Sáb. ss. Servando, Pedro Pascual e Xermán.  
 24 Dom. ss. Beata Paula de Frassinetti e Rafael Arcán-  
 xo, Fortunato e Martiño.

*Sol en Escorpio as 7'10 da mañán*

- 25 Lun. ss. Frutos, Crisanto e Daría.  
 26 Mar. ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano.  
 27 Miér. ss. Vicente, Sabina, Crísteta e Catalina.  
 28 Juev. ss. Simeón e Xudas Tadeo.  
 29 vier. ss. Narciso, Xerona i-Eusebia. — *Commemoración  
 dos Caidos.*

*Nova en Escorpio a 1'59 da mañán*

Quizais entre mellor a túa, anque o tempo é ben bo-  
 rratento. Chovisca: A neve non quer chegar cedo.

- 30 Sáb. ss. Cenobia, Claudio e Amparo.  
 31 Dom. *Festividade de Cristo Rey.* — ss. Urbano, Quintín  
 e Narciso.

## Ditos das vilas

Cando chove a fai sol, vai o diaño pr' o Ferrol,  
 cargado de tenedores pra espichar nos homes.

Corren as nubes pra Lugo, auga no puño.

Corren as nubes pra Ourense, sol que nos  
 quente.

Pontevedra é boa vila, da de beber a quen pasa  
 na fonte da Ferrería.

Fun a Marín, tal fun tal vin.

No camiño de Santiago tanto anda o coxo  
 como o sano.

Quen fez Lugo fez a Astorga e ponte da Ciga-  
 rrosa e levou unha pedra no capelo con que fez a  
 Coronateo.

# NOVEMBRO 30 DIAS

## MES DE SANTOS

- 1 Lun. † *A Festa de Todol-os Santos.*—ss Benigno, Cesáreo y Maria.
- 2 Mar. A Commemoración dos difuntos e S. Xusto.
- 3 Miér. ss. Valentin, Hilario, Malaquías e Teófilo.
- 4 Juev. ss. Carlos Borromeo e Domingo.
- 5 Vier. ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.

*Crecente en Acuario as 3'22 da noite*

☾ Unha raxeiriña de sol seca as enchentés de San Simón, onde as houbo.

- 6 Sáb. ss. Leonardo, Severo e Vinoco.
- 7 Dom. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio.
- 8 Lun. S. Alvito bispo (G), O Patrocinio de Nosa Sra. e ss. Severiano, Severo, Victorino e Godofredo.
- 9 Mar. Nosa Sra. da Almudena.
- 10 Miér. ss. Aniano, Demetrio e Andrés.
- 11 Juev. ss. Martiño, Bartolomé e Toribio.
- 12 Vier. ss. Millán, Diego de Alcalá e Paterno.
- 13 Sáb. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono e Rufo.

*Chea en Tauro a 1'26 da mañán*

☀ O bó tempo non dura moito. Medran as nubes conforme os días devecen. Imos cara un inverno de moita fina chuvia. Santos e Nadal, inverno curnal.

- 14 Dom. Sta. Trahamunda de Poio abogosa dos emigrantes (G) e ss. Serapio, Lourenzo e Veneranda.
- 15 Lun. ss. Uxío I, Leopoldo e Leoncio.
- 16 Mar. ss. Rufino, Marcos, Valero i-Edmundo.
- 17 Miér. ss. Acisclo e Victoria.
- 18 Juev. ss. Román, Máximo, Odón e Pedro.
- 19 Vier. ss. Isabel, Ponciano e Crispin.

*Mingante en Leo as 10'43 da noite*

☾ Ventos revoltos, chuvias teimosas. Neves na montana e borrascas no mar.


- 20 Sáb. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito — *Dia de José Antonio.*

- 21 Dom. ss. Estebo, Honorio e Rufo.  
 22 Lun. Bto. Xochan de Pontevedra, (G), sr. Columblar e Mario.  
 23 Mar. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia  
*Sol en Sagitario as catro da mañá*  
 24 Miér. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Juan de la Cruz, Crisógono e Flora.  
 25 Juev. ss. Catalina, Moisés e Gonzalo.  
 26 Vier. Os Santos Mártires de Córdoba.  
 27 Sáb. ss. Virxilio, Facundo e Primitivo.—*Péchanse as velacións.*

*Nova en Sagitario as 3:23 da tarde*

Arque no mar amaine a turboada, na terra han seguir as chuvias. Tempo nada seguro. Brétemas espesas. Ventos f.oxos

- 28 Dom. *1 de Advento*.—ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano—I. P  
 29 Lun. ss. Iluminada e Saturnino.  
 30 Mar. ss. Andrés, Constanca e Xustina.



## Refráns

A carto vai a libra da vaca, o que non o ten non a papá.

A vaca da miña veciña da mais leite que a miña.

Non todos van a misa por rezar nin a feira por comprar.

Papás e casamento, en quente.

Pau de cego, pau de demo.

Pequeno fuche, grande vas, fágoche cortesia e vólvome pra atrás.

Grau non fai graneiro, pero axuda o compañeiro.



## DECEMBRO 31 DIAS

### MES DE NADAL

- 1 Miér. ss. Eloy, Natalia e Cándida.
- 2 Juev. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.
- 3 Vier. ss. Francisco Xavier e Claudio.
- 4 Sáb. ss. Osmundo, Cleto e Bárbara.

*Crecente en Piscis as 11'3 da noite*

● Nos outros neve maina, mais a chuvia non quer deixar que coalle.

- 5 Dom. *II de Advento.*—ss. Sabas, Agripina e Dalmacio. — I. P.
- 6 Lun. ss. Fernando abade de Antealtas (G), Nicolás de Bari i Emiliano.
- 7 Mar. ss. Ambrosio, Policarpo e Urbán.
- 8 Miér. † *A Purísima Concepción de Nosa Señora.*— Santos Macario i Esther.
- 9 Juev. ss. Restituto, Cipriano e Locaia.
- 10 Vier. S. Florencia abade (G), Nosa Sra. de Loreto ss. Eulalia i-Hermóxenes.
- 11 Sáb. ss. Dámaso Papa (G), Sabino e Daniel.

*Cheu en Géminis as 4'24 da tarde*

● Días amorosiños Chuvias lixeiras con nubes altas. Noites craras. Nas mañás siguen as brétemas.

- 12 Dom. *III de Advento.*—Nosa Sra. de Guadalupe e Saa Constancio.—I. P.
- 13 Lun. ss. Uxío, Orestes e Lucia.
- 14 Mar. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i-Espiridión.
- 15 Miér. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato—*Temporas.*—I. P.
- 16 Juev. ss. Valentín e Delaira.
- 17 Vier. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olímpia.—*Temporas.*—*Abstinencia de carne.*—I. P.
- 18 Sáb. Nosa Señora da O., antiga Patrona de Pontevedra.—*Temporas.*—*Aíno con abstinencia.*—I. P.
- 19 Dom. *IV de Advento.*—ss. Nemesio e Timoteo.—I. P.

*Ming. ante en Virgo as 8'3 da noite*

● Chuvia, chuvia longa. Ventos do S. Nubes baixas. Bó tempo de invernia.

- 20 Lun. ss. Teófilo, Xulio e Domingo de Silos.—I. P.  
 21 Mar. ss. Ilduara nsi de S. Rosendo e Adosinda abade-  
 sa (G), Tomás e Anastasio.  
 22 Miér. ss. Demetrio, Zenón i-Elena

*Sol en Capricornio as 5<sup>h</sup> 80 da tarde*

#### INVERNO

- 23 Juev ss. Victoria, Nicolás, Servulo e Vinfila eremita  
 24 Vier *Noiteboa* —ss. Gregorio, Eufimio e Luciano.  
 25 Sáb. † *A Natividade de Noso Señor Xesucristo.*—I. P.  
 26 Dom. ss. Estebo e Marino.—I. P.  
 27 Lun. ss. Xohan Apóstol, Nicereta e Teodoro.—I. P.

*Nova en Capricornio as 3 50 da noite*

O ano remata con lúa nova que trai lixeiras chuvias e ventos manseliños. Logo tocaráse o tempo. Siguen as neves, non mñi espesas aínda, na serra.

- 28 Mar. Os Santos Inocentes —I. P.  
 29 Mær. Bto Vidal abade (G), ss. David e Tomás Can-  
 tuariense.  
 30 Juev. A Traslación de Sant-Iago e S. Sabino.  
 31 Vier. ss. Franquila abade de Rivas do Sil (G), Sil-  
 vestre, Columbio e Pauliña.

### O miniño do ceo

¡Ay, lindo neno cal pecho cogollo  
 de rosa temprá!  
 ¡Ay, neno lindo cal branca azuzea  
 que maina bambea  
 ó airiño do val!  
 ¡Nas maus erguido de Nai feiticeira  
 con brando surrir  
 cal te poupea, cal doce te arrola  
 con canto de rula  
 cos ollos en Ti!  
 ¡Cantan os anxés, reiciño do mundo,  
 voando arredor,  
 con alas de ouro e xasmin rebulindo

hosannas dicindo  
 che tran paz e amor!  
 ¡Miniño durme, meu sol, non mais bágoas  
 che vexa cair,  
 durme, que días virán qu' ó teu xeito  
 darache a cruz leito  
 pr' abondo sufrir!  
 ¡Mainas auguiñas da limpia fontenla,  
 ruxindo pasai;  
 parleiras aves de souto folloso,  
 con canto armoñoso  
 o neno arrolai!  
 ¡Durme, santiño, coa risa nos beizos  
 de fresco alheli,  
 iris teu rostro surrindo é pr' a terra  
 que paz pon na guerra  
 que o sol fai lucir!  
 ¡Ay, si por berzo folgarte quixeras  
 no meu curazón!  
 ¡Ven ó meu peito, qué bicos, qué abrazos  
 che dera antr' os brazos  
 meu rei, meu amor!  
 ¡Calai, regueiros; piadeiras paxaros  
 o bico pechai;  
 ventos da touza, calai, que durmido  
 xa o neno garrido  
 quedou sobre a nail

*Juan Antonio Saco y Arce.*

### M e d o

|                                                                                                          |                                                                                                                        |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Anda un can doente<br>por esos rueiros;<br>o trasno, as meigas<br>no son pra correlo;<br>a mesma estadea | contan lle ten medo,<br>fuxe d' el o moucho<br>cantando ou xemendo;<br>os tronantes berran<br>c' os pulmóns desfeitos. |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

¡Qué noite, filliña!  
¡Naiciña, qué medo!

— «Teu pai no muiño,  
meu fillo na vila  
e o cañ nos camiños  
trabando a quen pilla;  
o trasno, as meigas  
vendoo s' enfeitizan,  
o moucho agoirando  
nas mortes veciñas.  
¡Naiciña, qué noitel  
¡Qué medo, filliña!

— «Se meu fillo volve  
s' é que teu pai salva

imos en romaxe  
á Virxe da Barca».  
Non ben tal dixeron  
cheas d' esperanza,  
xa pasou o moucho  
ca sua triste cántiga;  
fuxiron tronantes,  
virou noite crara  
e cando xa filla  
e nai non choraban,  
sin que as meigas viran  
nin cás lles trabaran,  
sin males no corpo  
nin medos na y-alma,  
petaron na porta,  
os homes da casa.

*Marqués de Figueroa.*

## TROULA

Cun sabrosoacio caíño  
i un talizo de centeo,  
merendaba Xohana Arceo  
no parral do seu muiño.  
Mariño, qu'a sua veira  
xa deu mais voltas qu'un veo,  
prantado ao pe dun esteo,  
dille en fala solermeira:  
— ¿No me das un bago, Xohana?  
— Vai d'ahí vai, vaite d'ahí,  
dábacho de boa gana;  
mais pra vago abondas ti.

*V. Taibo*

Láncara.—O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla; 11 Río (Esarrapa).

Lorenzana.—O 9, 19 e 28 e mercados os domingos.

Lugo.—O 4, 5 e 6 d' Outono (anual), primeiro e penúltimo viernes, o 12 e mercados os martes, viernes e domingos; penúltimo día de cada mes Nadela.

Meira.—O segundo e coarto domingo.

Mondoñedo.—O 17, 18 e 19 do Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercado os xoves; e domingos. Quendas o 2 de Mayo (anual).

Monterroso.—O 1.º y o 15 e mercados os miércoles.

Monforte.—O 6 e 24, mercado os miércoles; 5 Fiolleda.

Muras.—O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa.

Neira de Jusá.—1.º e 18 Baralla; 7 Sobrado.

Navia de Suarna.—Segundo domingo e derradeiro vieras; 23 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales) Puebla; terceiro domingo Silvota; cuarto domingo Paradela; pri neiro domingo Rao

Nequeira de Muñiz.—O segundo domingo.

Os Nogales.—O segundo domingo Doncos.

Orol.—O primeiro domingo Miñotos.

Palas de Rey.—O 7 y o 19 e mercado os sábados.

Pantón.—O 1.º e 15 Ferreira; 18 Santa Mariña.

Páramo.—O 10.

Pastoriza.—Cada quince días en domingo alterno Bretoña; o segundo e cuarto sábado Reigosa.

Piedrafita.—O 5 e 21 y o 8 de Setembro (anual).

Pol.—O 1.º e 15 Riojuan; 7 e 21 Mosteiro.

Puebla do Brollón.—11 e 25; 29 Xunio (anual); 2 Estación.

Portomarin.—Mercado os domingos.

Quiroga.—O 10 e 27.

Rábade.—O 2 e o 22 e mercado os xueves.

Ribadeo.—Todos os miércoles e o 7 de Setembro.

Riotorto.—Mercado os sábados; 14 e 26 de cada dous meses Moxueira

Ribas do Sil.—O 16.

Samos.—O 15; 17 Ponte do Lózara; 4 Castroncán.

Sarria.—O 6 e o 20, San Lázaro (anual) e mercados os domingos.

*Saviñao.*—O 8 Escalón; 26 Currelos.

*Sober.*—O 18 e 28.

*Taboada.*—O 20 e mercados os sábados.

*Trabada.*—O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira (anual); 30 de Mayo San Fernando (anual).

*Trasparga.*—O 28 e o domingo entre o 9 e o 15 Parga 23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último domingo Guitriz e mercado os miércoles.

*Triacastela.*—O 12 e 28.

*Valle d' Ouro.*—O miércoles seguinte ao terceiro domingo e mercado os sábados.

*Villameá.*—Cada quince días e mercado os domingos.

*Villaodrid.*—O 25 Villaeimil.

*Viveiro.*—O primeiro e tereceiro domingo e mercado os xueves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo; luns de Pascua, Cobas (anual).

*Villalba.*—O primeiro domingo e martes seguintes a o terceiro e mercados os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes.

### Feiras anuais de Galicia

*Xaneiro:* 7, Portes; 8, Navalos.—*Febreiro:* 3, Portomarin.—*Marzo:* Domingo de Lázaro, Sarria.—*Abril:* 6, Noya; luns de Cuasimodo, Tuy; luns de Pascua, Cobas en Viveiro.—*Mayo:* Día da Ascensión, Santiago; 30, Balboa, Ribadeo.—*Xunio:* Pascua de Pentecostés, Padrón; 1, Ourense; 29, Somiedo, e Brollón en Quiroga.—*Xullo:* 2, Coruña; 25, Santiago.—*Agosto:* Día da Peregrina, Pontevedra.—24, San Bartolomé en Penas Agudas, Viveiro.—*Septiembre:* 8, Fonsagrada; 3 días; terceiro domingo Becerreá; 8; Pedrafita d' o Cebreiro.—*Octubre:* 5, Lugo 3 días; 14, Villalba; 18, Mondoñedo, 3 días; 20, Lindín; terceiro domingo, Becerreá.—*Noviembre,* 1, Monterroso e Pontevedra.—*Diciembre:* Día da Purísima, Alvare, de onde é patrona, feira 12 días e merca io os xoves.



ARTES GRAFICAS

Xerardo Castro

A MELLOR IMPRENTA DA PRO-  
VINCIA DE LUGO. ENCUADER-  
NACIÓS. PAPELES E CARTÓS

San Pedro, 29  
Teléfono 322

LUGO